



Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza
Travesa dos Basquiños, 9, baixo
15.704 Santiago de Compostela
Tfno e fax: 981-570099
Correo: adega@adega.info
Páxina electrónica: www.adega.info

AO VALEDOR DO POBO

D. Martiño-Fiz López Lindoso con DNI XXXXXXXX-X, no seu nome e en representación de ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza) GIF G15044811, con enderezo a efectos de notificación na Travesa de Basquiños, 9-Baixo, de Santiago de Compostela (CP 15704),

EXPÓN:

Que por medio do presente escrito, formúlase a seguinte queixa.

Que mediante a Lei 9/2009 de Conservación da Natureza de Galiza se crea o Catálogo Galego de Especies Ameazadas regulado polo Decreto 88/2007.

Con motivo da regulación do Catálogo Galego de Especies Ameazadas, créase o Observatorio Galego da Biodiversidade, que se configura como órgano consultivo e de asesoramento da Xunta de Galiza, ao que se lle encomenda a tarefa de elaborar, compilar e subministrar toda a información posible sobre o estado da biodiversidade en Galicia e a súa conservación, para o cal deberá de instrumentar mecanismos de cooperación entre as administracións públicas, as universidades e os institutos de investigación.

O Observatorio Galego da Biodiversidade créase e régulase mediante o Decreto 260/2007, que afirma no seu artigo 4º punto 1:

1. O Observatorio Galego da Biodiversidade reunirse en sesión ordinaria como mínimo unha vez ao ano. Poderá tamén reunirse en sesión extraordinaria cando a presidencia do Observatorio Galego da Biodiversidade o estime oportuno.

Que a última reunión ordinaria convocada deste Observatorio Galego da Biodiversidade foi o 25 de Xullo de 2008 tendo transcurrido máis de dous anos sen que houbera, candomenos, a regulamentaria convocatoria de carácter ordinario.

Que a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) solicitou a reunión do citado organismo en Maio de 2010, con motivo da afección sobre a ave protexida *Emberiza schoeniclus* subesp. *lusitanica* no LIC Sistema Fluvial Ulla-Deza.

Que a Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA) ten solicitada a reunión do Observatorio Galego da Biodiversidade o 7 de setembro de 2010, con motivo da proposta de creación dun Parque Natural no Monte Pindo para dar cumprimento á protección ambiental necesaria sobre 12 especies suxeitas ao Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Que o profesor de Botánica da Universidade de Santiago de Compostela, Javier Amigo Vázquez ten solicitado o 21 de setembro de 2010 a reunión do Observatorio Galego da Biodiversidade, con motivo da solicitude de inclusión da especie vexetal *Cheilanthes guanchica* no Catálogo Galego de Especies Ameazadas.

Por estes motivos:

SOLICITA:

Que a Dirección Xeral de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Rural dea cumprimento ao Artigo 4º punto 1 do Decreto 260/2007 coa maior brevedade e urxencia para dar cumprimento das solicitudes presentadas ante o Observatorio Galego da Biodiversidade e en todo caso se sancione como sexa oportuno esta vulneración flagrante da lexislación.

En Compostela a 27 de Outubro de 2010

Asdo.

Martíño-Fiz López Lindoso